

“Herminio Como educador na casa”

Penso que o noso pai tratou de educarnos dende os mesmos principios que defendía como coñecedor desta materia.

Dende a razón: explicábanos sempre as cousas; dende a liberdade: deixando que xestionáramos o noso tempo e as nosas vidas na medida do posible; dende o respecto a certas cousas: por exemplo, á nosa privacidade ou ás nosas preferencias...; dende

a comunicación: compartía con nós lecturas, reflexións, charlas diversas; dende o exemplo: co seu trato amable e exquisito ós nosos amigos e á xente en xeral; pero, sobre todo, dende o amor e a ledicia: as súas mostras de cariño cara a nós eran espontáneas e frecuentes...

Estes debuxos pretenden amosar a través de certos recordos algunhas destas pequenas leccións e mostras de cariño na vida cotiá...



Lección de música !!

Escoitade, vouros
 poñer unha canción moi
 bonita. Fala dun peregrino
 que ten os ollos verdes
 coma a auga do mar...

Aquí temos a
 letra, ven no
 disco

¡Si! ¡Chámase
 Don Gaiferos de
 Molmartañ!

Carlos Puebla, Louis Armstrong, Amalia Rodríguez
 Jacques Brel e moitos máis, os coñecemos
 por el...

Sonia 2011

